

**EXAMEN TÉCNICO OBRA PUBLICA
ABRIL 2021**

**NOME
DNI**

FIRMA

Contesta as seguintes preguntas, utiliza tan só dúas follas contando con esta.

- 1 O contido dun proxecto divídese en catro grandes bloques, ¿podes numeralos?
- 2 Elabora un índice de planos dun proxecto de saneamento, no que se quere ampliar a rede de saneamento en 500m e recoller un grupo de 10 casas.
- 3 Enumera as aplicacións informáticas que deberían usarse nunha oficina técnica ideal.
- 4 ¿Cal é o planemento vixente en Ponteareas?
- 5 ¿Para que serve o Plan Básico de Galicia?
- 6 ¿É de aplicación o Plan Básico de Galicia en Ponteareas?
- 7 ¿Que é a referencia catastral dunha parcela?
- 8 ¿Que é un Sistema de Información Xeográfica?
- 9 ¿Cal é o sistema xeodésico de referencia oficial en España?
- 10 En que sitios web da Xunta pódese descargar información xeográfica, cartográfica e urbanística de Galicia

1 O contido dun proxecto divídese en catro grandes bloques

Memoria, Planos, Pliego de condicións e Orzamento

2 Elabora un índice de planos dun proxecto de saneamento, no que se quere ampliar a rede de saneamento en 500m e recoller un grupo de 10 casas.

- 1 Situación e deslinde
- 2 Planta do estado actual
- 3 Planta da proposta
- 4 Perfil lonxitudinal
- 5 Detalles constructivos, pozo, arqueta, tubaxe

3 Enumera as aplicacións informáticas que deberían usarse nunha oficina técnica ideal.

Microsoft Office

Cloud Dropbox, Skydrive, Google drive

PDF adobe acrobat

AutoCAD, Microstation, QGIS, Sketchup, Adobe Photoshop, Revit BIM, ArchiCAD, 3DS MAX, Lumion, Civil 3D

Presto, Memphis, Arquímides, CYPE, Project Management

4 ¿Cal é o planeamento vixente en Ponteareas?

Decreto 180/2004 de modificación da ordenación provisional contida no anexo do Decreto 207/2002 de 20 de xuño de suspensión das normas subsidiarias de planeamento municipal de Ponteareas.

5 ¿Para que serve o Plan Básico de Galicia?

O Plan básico autonómico é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; ao mesmo tempo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación

6 ¿É de aplicación o Plan Básico de Galicia en Ponteareas?

Sí, xa que ten carácter complementario do planeamento municipal vixente no seu caso, para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do mesmo.

7 ¿Que é a referencia catastral dunha parcela?

A referencia catastral permite a localización dos bens inmobles na cartografía catastral. Grazas á referencia catastral sabese con exactitude de qué ben inmovible tratase nos negocios xurídicos (compra-ventas, herdanzas, donacións, etc.)

8 ¿Que é un Sistema de Información Xeográfica?

Un SIX é unha base de datos espacial que permite capturar, almacenar, consultar, analizar e presentar todo tipo de información que poida ter unha referencia xeográfica.

9 ¿Cal é o sistema xeodésico de referencia oficial en España?

En 2007 adoptase o sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) como sistema de referencia xeodésico oficial en España para a referencia xeográfica e cartográfica

10 En que sitios web da Xunta podese descargar información xeográfica, cartográfica e urbanística de Galicia

<http://mapas.xunta.gal/directorio-de-servizos-web>

<http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/visor.php>